- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

29.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL – José Ramón Miranda Pérez

Visto o escrito presentado por **José Ramón Miranda Pérez**, de data 19/09/2024 (Rexistro de entrada nº 23.420), no solicita a devolución do aval depositado como garantía de obras de construción de vivenda unifamiliar na Rúa Cubeliños, nº 30 (Ribeira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 07/01/2025.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución do aval depositado por **José Ramón Miranda Pérez** como garantía de obras de construción de vivenda unifamiliar na Rúa Cubeliños, nº 30 (Ribeira), polo importe de 1.786,49 €.

30.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – UFD Distribución Electricidad, S.A.

Visto o escrito presentado por **UFD Distribución Electricidad, S.A.**, de data 17/07/2024 (Rexistro de entrada nº 18.651), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 9285309MH9098N, situada na Rúa Praia da Ribeira, 26, Aguiño, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 08/01/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A.

NIF: A63222533

02.DATOS DA PARCELA

Localización: RU PRAIA RIBEIRA 26- AGUIÑO.



Ref. Catastral: 9285309MH9098N

Plano do PXOM: Planos nº 5.16 e 2.17 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0507 do PBA.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 17.07.2024, obtén rexistro de entrada (RE.: 202418651), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

-CPP PLANOS.

-Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.

- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para as que solicita información atópanse en solo urbano.

A parcela consultada atópase en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Urbano correspondente coa Ordenanza 6.2, Residencial extensiva colectiva en hilera**. De conformidade coa Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 a) da LSG, ao solo urbano que reúna os requisitos do art. 17 a), aplicáraselle o disposto na LSG para o solo urbano consolidado.

05.02.Réxime de cesións o inventario:

Segun o establecido para o Solo de Urbano na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, artigo 24 e 36 correspondentemente.

Artigo 36 do RLGS....2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar totalmente as existentes, os propietarios deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización da vía necesaria (artigo 24.2 da LSG).

3. No caso de construción de edificios de nova construción ou cambio de uso dos existentes ou rehabilitación integral, tamén terán que realizar pola súa conta a conexión cos servizos existentes no núcleo (artigo 24.3 da LSG).....

No caso que nos compete, comprobase que a parcela linda ca vía pública do inventario polo Este. Polo tanto segun o artigo 36,nos supostos anteriormente citados é obrigatorio Ceder o terreo fora da alienación.

05.03.Réxime de autorizacións informe sectoriais:

No caso de que parcela este incluída no ámbito de afección dalgún organismo sectorial, deberá achegarse autorización do correspondente organismo ou, no seu caso, acreditación de ter presentado o mesmo a correspondente compunción previa ou declaración responsable.



- Autorización de Costas – Xunta de Galicia por estar parcialmente en zona Servidume de Costas.

A continuación transcríbese o teor literal da ordenanza de aplicación:

Artículo 156: Ordenanza 6.2 - Residencial extensiva colectiva en hilera.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano poco densificadas de los núcleos urbanos apoyándose sobre la red viaria tradicional, en las que se localizan viviendas colectivas adosadas a medianeras existentes, pareadas o aisladas con jardines en la parte de sus parcelas no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda colectiva

Usos admisibles: sólo se admitirán además del uso característico, los terciarios que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, es decir, sólo se admitirán las oficinas, comercios y talleres de nivel de compatibilidad similar al doméstico.

1.3. Tipologías edificatorias

Vivienda colectiva adosada a medianeras existentes, pareada y en hilera, que deberán justificar sus condiciones tipológicas para garantizar la integración de las nuevas edificaciones con las preexistentes.

Esta justificación será extensible a las condiciones geométricas, de la edificación, en coherencia con las condiciones generales de parcela.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 200 m²

Frente mínimo: Será de 10 m. pudiéndose autorizar la edificación en parcelas con frente menor 8 m. en el caso de viviendas adosadas a medianeras existentes o pareadas.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos 3 metros y podrá retranquearse de la alineación hasta un máximo de 8 metros, pudiéndose adosar con uno de los colindantes previo acuerdo por escrito de las partes y obligándose a adosar en el caso de existir una edificación con medianera existente sobre dicha parcela; en caso de existir dos medianeras sobre una misma parcela, no se obligará a tener un frente mínimo de 8 metros, ni las demás condiciones de edificación.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad: 1,25 m²/m²

Altura edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se permite la planta sótano, con ocupación de toda la parcela para aparcamientos y servicios.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coronación: será de 4,00 metros sobre el último forjado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que la 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se



adoptarán solucións tipolóxicas propias do entorno. Se prohiben los muros de bloques sin revestir y pintar.


En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.


Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.



Plano nº 5.16 do PXOM. SÓLO URBANO



Folla 0151A-0507 do PBA



31.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE LOCAL - Luis Manuel Mosquera Freire

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

REFª CATASTRAL: 0619222NH0102S0000MG.

SITUACIÓN: Rúa Miguel Rodríguez Bautista, nº 48, Baixo, Ribeira.

PROMOTOR/A: Sr. Luis Manuel Mosquera Freire.

ESTUDIO TÉCNICO: Proxecto Técnica de segregación de local de setembro de 2024.

AUTOR/A ESTUDIO TÉCNICO: Sr. Juan Carlos Bastos González, (arquitecto col. nº 4.483).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Visto o escrito presentado polo Sr. Luis Manuel Mosquera Freire, (DNI 76.777.091-D), rexistrado de entrada o día 2 de outubro de 2024, (Rexistro de entrada nº 24.729), mediante o que solicita licenza de segregación para realizar a división dun local comercial cunha superficie de 250,00 m² emprazado en parcela con refª catastral nº 0619222NH0102S0000MG, na Rúa Miguel Rodríguez Bautista, nº 48, Baixo, Ribeira, nos termos do Proxecto Técnico de segregación de local de setembro de 2024, redactado polo Sr. Juan Carlos Bastos González, (arquitecto col. nº 4.483), resultando finalmente un local en planta baixa cunha superficie construída de 148 m² e un local en planta soto de 102 m² construídos.

RESOLUCIÓN

Da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 25/11/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- DECLARAR A INNECESARIEDADE DA LICENZA DE SEGREGACIÓN de local comercial cunha superficie de 250,00 m² solicitado polo Sr. Luis Manuel Mosquera Freire, emprazado en parcela con refª catastral nº 0619222NH0102S0000MG, na Rúa Miguel Rodríguez Bautista, nº 48, Baixo, Ribeira, nos termos do Proxecto Técnico de segregación de local comercial de setembro de 2024, redactado polo Sr. Juan Carlos Bastos González, (arquitecto col. nº 4.483), resultando finalmente dous locais do seguinte modo:

- *Un local en planta baixa cunha superficie construída de 148 m² e un local en planta soto de 102 m² construídos.*

SEGUNDO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmобles..

TERCEIRO.- Asimesmo a declaración de innecesariedade de segregación autorizada:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da declaración de innecesariedade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as autorizacións e licenzas municipais no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios*



xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

32.- VAO PERMANENTE – Cristina Pérez Cadórniga

Visto o escrito presentado por **Cristina Pérez Cadórniga**, de data 08/01/2025 (Rexistro de entrada nº 485), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Avenida da Coruña, nº 137 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 10/01/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Cristina Pérez Cadórniga**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (2,45 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Avenida da Coruña, nº 137 (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

33.- PROPOSTA DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NA RÚA ROBALO (AGUIÑO)

Vista a proposta da Policía Local, de data 14/01/2025, relativa á sinalización con marcas viarias na Rúa Robalo (Aguiño), e no que sinala:

“(...) onde están ubicados os contedores de lixo, na marxe dereita da rúa do Róballo, en Aguiño, ás veces, cando hai vehículos que aparcan na zona sinalizada con unha línea discontinua “de aparcamento”, na marxe esquerda, pero á mesma altura onde se atopan esos contedores de lixo, se producen obstaculizacións na circulación rodada.

Por iso, se suxestiona pintar unha zona excluída ao tráfico delimitar o carril de circulación onde se estreita a via debido á situación dos mencionados contedores de lixo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a proposta para sinalización con marcas viarias na Rúa Robalo (Aguiño), segundo o contido do citado informe.



34.- SOLICITUDE SINALIZACIÓN DE RÚA SEN SAÍDA EN RÚA REVALEIRAS (PALMEIRA) – Genoveva María Betanzos Fernández

Visto o escrito presentado por **Genoveva María Betanzos Fernández**, de data 26/08/2024 (Rexistro de entrada nº21.180), no que solicita a instalación dunha sinal vertical de rúa sen saída na Rúa Revaleiras (Palmeira), co fin de evitar problemas de estacionamento debido á masificación de vehículos na época estival.

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 10/01/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** a instalación de sinal S-15a (presinalización de calzada sen saída).

35.- MELLORA NA ORDENACIÓN DE TRÁFICO NOS ARREDORES DAS RÚAS TORRES QUEIRUGA E FALCOEIRO (AGUIÑO)

Vista a proposta da Policía Local, de data 09/01/2025, relativa á adopción de medidas encamiñadas á mellora da ordenación do tráfico nos arredores das rúas Torres Queiruga e Falcoeiro (Aguíño), e no que sinala:

“(…)

1. *Logo das obras levadas a cabo ao longo da rúa Castelao e de establecerse que fose de sentido único de circulación e, consecuentemente, reordenar a circulación nesa vía e nas súas adxacentes, xurdeu a necesidade de ampliar o treito de dobre sentido de circulación da rúa Torres Queiruga ata o cruce coa Praia da Ribeira para millorar a comunicación de boa parte do vecindario e dos usuarios en xeral.
Para lograr iso é preciso retirar o sinal de paso prohibido situado xunto ao cruce das rúas Praia da Ribeira e Torres Queiruga (á da foto) e prohibir o aparcamento en determinadas zonas.*
2. *En canto á rúa Falcoeiro, principalmente por seguridade vial, interesa que o treito comprendido entre os cruces coa DP-7305 e a rúa Serriño, sexa permanentemente de sentido único. De ese xeito, ademais de millorar a seguridade viaria, máxime por ser unha zona escolar, dispoñeríase de mais prazas de aparcamento público (e gratuito).
Para isto bastaría con só retirar o cartel complementario do sinal de paso prohibido situado no cruce das rúas Falcoeiro e Serriño. Non obstante, vista a necesidade de repintar toda a sinalización horizontal da zona, interesaría prolongar a liña de aparcamento da marxe esquerda da vía ata o cruce coa DP-7305/rúa de Sálvora.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a proposta para a adopción de medidas encamiñadas á mellora da ordenación do tráfico nos arredores das rúas Torres Queiruga e Falcoeiro (Aguíño), segundo o contido do citado informe.

36.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Ángel Blanco Tomé (A RECOVEIRA)

VISTO o escrito presentado por **Ángel Blanco Tomé** en representación establecemento “A Recoveira” (Ribeira), de data 09/01/2025 (Rexistro de entrada nº 2025 SOLIC0000127), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “A Recoveira”



(Ribeira), o día 18/01/2025, en horario de 14:00 h. a 17:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Ángel Blanco Tomé, para evento musical no establecemento hostaleiro “A Recoveira” (Ribeira), o día 18/01/2025, en horario de 14:00 h. a 17:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “A Recoveira” (Ribeira) (Ángel Blanco Tomé uso), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.



QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

37.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 00268/2024

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 00268/2024, de data 20/12/2024, remitida polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo (PA 409/2022) interposto por Jesús García Ramos, contra o anuncio das bases para a provisión en propiedade dunha praza de arquitecto técnico en desenvolvemento da OEP 2020, declarando a súa conformidade a dereito.

38.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 00269/2024

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 00269/2024, de data 20/12/2024, remitida polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo (PA 387/2022) interposto por Jesús García Ramos, contra resolución de 22/06/2022 que desestima o recurso de reposición contra a resolución que aproba a OEP para estabilización de emprego temporal, declarando a súa conformidade a dereito.



39.- SOLICITUDE ESPAZO NO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Asociación Ambar

Visto o escrito presentado por Milagros Rey Pérez en representación da **Asociación Ambar**, de data 30/12/2024 (Rexistro de entrada nº 31.417), no que solicita a cesión de uso dun espazo do Mercado Municipal de Ribeira, así como dos recursos existentes no mesmo, co fin de realizar a formación práctica baseada no certificado de profesionalidade de operación básicas en cociña e pastelería. As datas e horarios serían: Do 24/02/2025 ao 31/03/2025 (luns e martes, en horario de 09:30 h. a 14:30 h.), e do 31/03/2025 ao 08/05/2025 (luns a venres, en horario de 09:30 h. a 15:30 h.)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Non autorizar cesión de uso dun espazo do Mercado Municipal de Ribeira, así como dos recursos existentes no mesmo, co fin de realizar a formación práctica baseada no certificado de profesionalidade de operación básicas en cociña e pastelería, debido a que o espazo está ocupado por un curso de F.P. de cociña.
- Así mesmo se lle informa de que a partir do mes de abril de 2025 sí se lle podería autorizar ao dispoñer do espazo solicitado.

40.- COMUNICACIÓN DE CONCENTRACIÓN NA PRAZA DOS MARIÑEIRO (RIBEIRA) – Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Comarca de Barbanza

Visto o escrito presentado por María Aurea Rodríguez Blanco en representación da **Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Comarca de Barbanza**, de data 14/01/2025 (Rexistro de entrada nº 976), no que informa de que a Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Comarca de Barbanza convocou concentración diante da actual sede do Concello de Ribeira, o venres 17 de xaneiro á 12:00 h.

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito de referencia e **acorda**, por unanimidade dos presentes, dar traslado do mesmo á Policía Local, para o seu coñecemento.

41.- AUTORIZACIÓN CESIÓN POLIDEPORTIVO A FIEITEIRA Á EMPRESA CONGALSA, S.L. PARA A CELEBRACIÓN DA SÚA GALA ANUAL DE OBXECTIVOS

LOGO DE VER que don Juan Carlos Rama Bermúdez, con DNI: 33.279.298-D, en representación da empresa “Congalsa S.L.”, presenta escrito de data 06-11-2024, con número de rexistro de entrada municipal 27.396, solicitando o uso do polideportivo municipal A Fieiteira, o 1 de febreiro de 2025, para a celebración da súa gala anual de presentación de obxectivos. Necesitan o polideportivo para montaxe, celebración do evento e posterior desmontaxe, os días 30 e 31 de xaneiro e 1 de febreiro de 2025, ao longo de toda a xornada.

E DE VER o informe-proposta do Técnico de Deportes Municipal, de data 07-01-25, e a proposta de resolución do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 08-01-2025, favorables á mesma con condicionantes.



De conformidade co previsto na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9) e o Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos; **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte ACORDO:**

1º) Autorizar a cesión do polideportivo A Fieiteira, á empresa Congalsa S.L., nos días e horarios solicitados (30 e 31 de xaneiro e 1 de febreiro de 2025, ao longo de toda a xornada), cos seguintes condicionantes:

- 1) Deberá proceder ao pago da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9), que se establece no artigo 6- Tarifa, epígrafe 1, apartado F polo importe de **2.580,60 euros** (860,20 € xornada completa x 3 xornadas) con unha anterioridade mínima de 48 horas á celebración do evento, previa liquidación da Tesouraría municipal segundo o disposto no artigo 11 da Ordenanza Fiscal. Tamén deberá facer o pago da taxa correspondente á recollida de lixo de instalacións deportivas, por un importe de **77,74 euros**.
- 2) Deberá achegar á Oficina de Deportes con unha antelación mínima de 48 horas á celebración do Evento a seguinte documentación:
 - 1 – Xustificante de pago da taxa especificada no apartado anterior (2.580,60 €+ 77,74 €).
 - 2 – Copia da póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa.
 - 3 – Copia do recibo do pago desa póliza.
 - 4 – Declaración responsable asinada polo promotor de evento, comprometéndose a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego (limpeza e orde), respondendo dos danos que puideran orixinarse por un uso inadecuado.

De no achegar a documentación indicada no prazo previsto, non poderá acceder ás instalacións.

2º) Aprobar a liquidación por importe de **2.580,60 euros** (860,20 € xornada completa x 3 xornadas) que se establece no artigo 6- Tarifa, epígrafe 1, apartado F da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira (B.1.9) máis **77,74 euros** correspondentes a taxa de recollida de basura de instalacións deportivas municipais), dando conta do presente acordo á Tesouraría municipal para emitir á Carta de Pago correspondente.

3º) Notificar o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan.

42.- SOLICITUDE DE ESPAZO PÚBLICO PARA INSTALAR UNIDADE MÓBIL E CARPA PARA CAMPAÑA DE RETORNADOS – Silman97, S.L.

Visto o escrito presentado por Jesica Valeria Málaga Figueroa en representación de **Silman97, S.L.**, de data 15/01/2025 (Rexistro de entrada nº 1.032), no que solicita autorización para instalar una unidade móbil e carpa en espazo público para a “Campaña de Retornados”; así como a colaboración municipal para conexión a toma eléctrica.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- Autorizar a instalación dunha unidade móbil e carpa en espazo público para a “Campaña de Retornados”
- Deberán coordinarse coa Policía Local para a súa instalación nunha rúa ou praza que sexa a máis conveniente para ámbalas dúas partes.
- A instalación deberá realizarse polos seus propios medios.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:25 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

